



## Muro da praia de Cesantes: nova desfeita do Partido Popular

**A Agrupación de Electores de Redondela NON apoia a actuación que está levando a cabo o Concello no litoral da parroquia de Cesantes.**

Non podemos entender a falta de sensibilidade dos nosos gobernantes con respecto dun dos nosos patrimonios máis importantes e delicados como é o areal da parroquia de Cesantes.

Quen non escoitou algunha vez ás persoas de máis avanzada idade que a Praia se está degradando a pasos axigantados dende que se levaron adiante construcións na enseada como o porto de Cesantes, os distintos recheos no litoral de Cedeira e Rande, os muros verticais construídos ó longo da Praia... Moitos destes muros feitos por particulares, e sen ningún tipo de control.

Na Agrupación de Electores aplaudimos as actuacións que se leven a cabo para a mellora do noso litoral, como pode ser o futuro porto pilotado que substituirá ó actual, pero tamén

pensamos que de nada vale se por outro lado facemos outro tipo de construcións que, cando menos, son arriscadas. **E dicimos "arriscadas" pola falta de informes e estudos sobre o seu impacto medioambiental tanto no tema da conservación do areal (so hai que achegarse ó lugar para darse conta que en poucos anos está desaparecendo gran cantidade de área) como na posible influencia sobre o sector marisqueiro tan importante no noso concello.**

**No pleno de outubro de 2014 AER xa votou en contra da modificación do proxecto anterior para esa zona. Modificación que saíu adiante cos votos do PP e as abstencións de BNG e PSOE.**

Este pasado 14 de abril, o Concello de Redondela e Portos de Galiza organizaron una xornada sobre a "Enseada de San Simón e a súa evolución no tempo", que resultou ser un acto electoral do PP. (continúa na páxina seguinte)

O primeiro que temos que dicir é que o acto, tal e como o publicitou o Concello, non ten nada que ver co acto que presenciámos os que estivemos alí.

O acto basicamente foi a presentación dun estudo que encargou Portos de Galicia para determinar a causa da perda de area da Praia de Cesantes, e se a solución sería o prometido peirao pilotado.

A presentación foi levada a cabo por un enxeñeiro de camiños da empresa contratada para a elaboración do estudo, contando coa presenza da xeóloga contratada polo Concello para analizar os posibles efectos da obra-desfeita do muro da praia.

A xeóloga é quen nos facilitou a información máis relevante. AER preguntou:

*- Por que se acumulou primeiro a terra enriba da area, e non se levou a terra firme, e logo se achantaron eses montóns na mesma praia en contra do que dita o sentido común, xa que ela mesma sinalou que o 20% do material era arxila e non area? Lembra de que na prensa o PP repetiu que a xeóloga dixera que iso era area.*

**O primeiro que sinalou é que a ela contratárona cando se atoparon co problema. Pero ¿non dicía o PP que non había ningún problema?**

Dixo que se amontoara a terra para protexer as máquinas mentres facían as obras, polas présas. Afirmou que se retiraran 36 camións de terra do areal (para facer esta afirmación tivo que consultar ao alcalde). Que o problema unha vez analizado pareceulle máis complicado do que cría nun principio, e que concluíu que era mellor achantar os montóns para que así as forzas das mareas arrastraran menos material. Que agora, visto o resultado, recomendou retirar todo o material procedente das obras que se achantou enriba do areal.

A nosa conclusión e a seguinte:

O Concello contratou a esta técnica unha vez vista a desfeita que se estaba a producir polo xeito de facer esta obra, para intentar lavarse a cara e poñer un parche ao problema que crearon. Sospeitando isto, pedimos hai un mes o contrato por rexistro, e como ven sendo habitual, seguimos agardando a resposta; pero grazas ao acto "paripé", xa a temos.

A técnica, unha vez analizado o problema

(análise que pedimos por rexistro e tamén seguimos esperando) creado pola barreira de terra que utilizaron para poder facer as obras dentro de prazo, decidiu implementar unha primeira medida preventiva, que foi achantar os montóns; e visto que esta medida non obtivo os resultados esperados recomendou retirar o material achantado.

**En AER non entendemos por que non se fixeron uns estudos previos antes da realización desta obra.**

Tamén sinalar que se o equipo de goberno sabía que se ía a realizar este estudo sobre as causas da perda da area, consideramos que sería máis acaído esperar á súa finalización antes de levar a cabo ningunha obra no entorno da praia.

Os nosos gobernantes do PP prefiren gañar un puñado de votos con obras que facer as cousas ben; esta é a súa Redondela con maiúsculas.

**Esta acto foi puramente electoralista, intentando amosar a súa preocupación "medioambiental" para calar as voces críticas e lavar a súa imaxe de cara o pobo; disfrazando a presentación deste estudo como unhas "Xornadas sobre a Enseada".**

Xa que viñeron explicar as actuacións, como se publicitou na prensa local, ¿por que non dispoñemos en Redondela dos informes de impacto medio ambiental para a obra do muro? E xa que viñeron a explicar actuacións, por que non convidaron tamén a algún técnico de Costas, saen un momentinho fóra e explican **como autorizaron unha vivenda pegada ao mar cun informe en contra da APLU?**

Por que non explicaron como o Concello de Redondela **autoriza vados nunha zona (ese paseo onde se fixo o muro) onde a lei de Costas prohibe que sexa de circulación** agás en casos excepcionais de mantemento, salvamento, etc?

**O PP aposta pola política de propaganda como a bandeira azul. ¿Que máis se fixo en Redondela? Obras ilegais e un muro mal feito cos cartos do Concello cando había compromiso de facelo cos cartos de Costas.**

# Cousas do complexo de Santa Mariña

## *Sobrecusto, un ascensor inapropiado e falta de transparencia*

Pedimos por rexistro ver o proxecto do campo, e con que nos atopamos? Con todo isto:

**Aquí non teñen o proxecto.** Soamente hai un anteprojecto e na súa memoria, faise referencia ao tema da seguridade e accesibilidade cun apéndice que di: (Detallarse no proxecto final). En contratación non saben del.

Preguntamos en Alcaldía... que "xa nos informarían"; pero tampouco saben, porqué como hai tres fases, debería haber tres proxectos.

- Fase I : terreos de xogo. A Deputación pon 240.000 € e o Concello 269.945,20 €.

- Fase II: bancada, vestiarios, baños, accesos, etc. A Deputación aporta 648.150,94€ (adxudicouse a Covsa). **Disparouse uns 300.000 €, e os vestiarios están sen facer.**

- Fase III: 2 pistas de tenis, "skatepark", 4 pistas de pádel e peche do perímetro. O Concello asumirá a construción das 3 pistas de tenis e o skatepark non se construírá. Asinouse un convenio coa Deputación para facer a Fase III, o Concello aportará uns 126.346,99 € para o tenis e a Deputación 453.719,70 € para o pádel e peche do perímetro.

Con todo isto **pasamos dun anteprojecto de 1.688.909,30€ "full equip" a 2.085.423,76 € aproximadamente sen "skatepark", sen vestiarios, sen gradas para o tenis, e asumindo o Concello a construción das pistas de tenis.**

E para rematala, en novembro do pasado ano o alcalde comunicou a súa intención de poñer un ascensor para persoas con mobilidade reducida no campo de fútbol de Sta. Mariña.

Despois de consultar con técnicos, **comunicámoslle o noso desacordo con esta proposta e puxémoslle dúas solucións sobre a mesa:**

1) Construír unha rampla de acceso á parte superior, que segundo o alcalde custaría o mesmo, aforrando así o mantemento que trae aparelado o ascensor.

2) **Habilitar no fondo norte ou diante dos vestiarios vellos unha zona para persoas con mobilidade reducida e para os seus acompañantes. Esta opción parécenos a máis axeitada, xa que os vehículos poden chegar ata a mesma entrada, e en caso de emerxencia, estarían situados a carón da saída.**

**No pleno ordinario de xaneiro, entre as 100 resolucións de alcaldía que nos entregan un par de días antes do pleno, atopámonos unha na que se contrataba a instalación do ascensor; este é o concepto de transparencia do noso alcalde!.**


O alcalde sempre se gaba de ser un home dialogante e pide que a oposición sume e non só critique. Alcalde, repetímoslle as preguntas que xa lle fixemos cando chegou con esta "orixinal" proposta:

**En caso de corte eléctrico, como desaloxaríamos a estas persoas da bancada? E en caso de emerxencia?**

Recordámoslle que en instalacións deportivas prima a evacuación sobre a accesibilidade, esqueceuse xa?

**A opción que dende AER propoñemos parécenos máis barata a longo prazo, máis cómoda e moito máis segura.**

**Alcalde, o ascensor que vostede decidiu poñer pola súa conta e risco, cústanos a tódolos redondeláns 47.260,93 €, terá uns gastos de mantemento anuais e supoñemos un seguro. E tan só garantía por un ano. De verdade, a vostede parécelle a mellor opción e unha boa inversión?**





# Modificacións no Marisma + : prepotencia do PP, irresponsabilidade de PSOE e BNG

No primeiro pleno votamos en contra da proposta do goberno local porque, segundo nos dixeran, non era necesaria a aprobación da modificación por parte do pleno. Dentro da Agrupación había posturas encontradas, pero saíu adiante o "NON". **Todos estabamos en contra da xestión que fixo o PP co proxecto "Marisma +", e tiñamos claro que non debía ser Redondela quen asumira o pago da cantidade que podía financiar a UE.** Como non era necesario o respaldo do pleno, decidimos votar en contra da proposta do PP.

Para o segundo pleno atopámonos con que se modificaran as cantidades a onde se destinaran nun inicio, así como coa esixencia do Ministerio de Economía do respaldo do pleno para facer estas modificacións. Solicitamos explicacións no pleno, pero **a Concelleira de Facenda non nos respondeu.**

**O noso cambio no voto debeuse a que non cremos que deba ser o Concello, e polo tanto tódolos veciños de Redondela, os que asumamos o pago íntegro deses 700.000€ que se modificaban.** Se existise a posibilidade de que eses cartos se lle descontasen da asignación municipal que recibe o PP sen dúbida votaríamos en contra da modificación. Pero non era así polo que decidimos absternos.

Para os nosos "compañeiros de oposición", que non perden ocasión en insinuar a nosa convivencia co PP, só dicir un par de cousas:

**1- A construción do pavillón ao que se destina boa parte desta modificación aprobouse cos votos a favor do PP, PSOE e BNG; a Agrupación de Electores de Redondela votou en contra:**

*O Concello pleno en votación extraordinaria por maioría dos seus membros presentes, sendo dezanove votos a favor (10PP 8 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e un voto en contra (AER), aproba o proxecto e expediente de contratación das obras do pavillón polideportivo na Marisma. (Pleno 23.05.2014)*

**2- A modificación da actuación no litoral de Cesantes, cambiar o paseo polos muros, aprobouse cos votos a favor do PP, e coas abstencións de PSOE e BNG; a Agrupación de Electores de Redondela votou en contra.** Eses muros debía reparalos Costas non o Concello de Redondela:

*MODIFICACIÓN DA DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE 2.1 "ACONDICIONAMENTO DO BORDE LITORAL DE CESANTES" INCLUÍDA NO PROXECTO MARISMA +*

*Sometido o asunto a votación ordinaria, o pleno do Concello, por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo **dez votos a favor (PP), un en contra (AER) e dez abstencións (8 do PSdeGPSOE, 2 do BNG),** aproba a proposta anteriormente transcrita. (Pleno 27.11.2014).*

Para rematar dicir que se chegou a esta situación porque **Javier Bas é incapaz de chegar a consensuar nada co resto dos grupos.** Estas modificacións deberon levarse a cabo segundo se produciran, e non esperar a estar rematadas as obras. O problema que tiña isto era ter que explicarlles aos veciños de Trasmañó que non se faría o Centro de Día, ós de Chapela que non se faría o paseo e ós de Rande que non se arranxaría o camiño a Torre.

**QUEN QUEIRA ENTENDER, QUE ENTENDA!!!**

Moitas grazas aos máis de 1.000 veciños e veciñas que nos avalaron coa súa sinatura. A Agrupación de Electores de Redondela volverá presentarse ás vindeiras eleccións municipais. Pedimos desculpas a todos aqueles que nos manifestaron a súa vontade de apoiarnos e non fomos quen de chegar ata eles. Demostramos que as cousas poden facerse doutro xeito, entre tod@s saberemos facelo.

Síguenos en



facebook.com/AERedondela



twitter.com/AER\_Redondela

Correo electrónico: [info@aeredondela.com](mailto:info@aeredondela.com)  
Correo postal: Paseo da Xunqueira, 33-1º

[www.aeredondela.com](http://www.aeredondela.com)

**BOLETÍN Nº29**  
**I MAIO 2015**